

Anacronismos

Desigual proposta

HÉITOR MERA

Desde o *O león e o paxaro rebelde* ou tantas outras obriñas coas que nos ten obsequiado, o sustrato popular é evidente na obra de Bernardino Graña. Neste conto longo, que publica na Morgante, observamos moitos dos ingredientes típicos da literatura costumista, máis propia de principios do século XX que dos tempos que corren.

Graña é un autor con sobradas táboas para que se note un estilo depurado. A forma aplicada a este contiño é impecable. Agora ben, desde o meu punto de vista, o lector pode sentirse defraudado: o conto infantilízase nunha serie de expresións e reflexións que renxen. Así, abúsase de determinadas teimas: anacrónicas, polo menos, para unha obriña como esta. Cando damos cun conto ambientado no Cebreiro, onde uns personaxes desenvolven unha serie de acontecementos típicos dun contiño costumista e

nel non se para de facer mención

ao malos que eran o ditador Francisco Franco e adláteres, un queda un tanto sorprendido porque xa non sabe para quen vai destinada esta obra. Por un lado, un estilo moi semellante ao que empregaría o propio autor para calquera das súas obras infantís; por outro, unha proposta que semella pretender estar dirixida a un público máis amplo; no medio unha denuncia que, por repetitiva, desentoa tamén por anacrónica.

Bernardino Graña pasa da trintena de libros. Agasallounos o ilustre académico de Cangas con obras que quedarán para a posteridade: *Protoevanxeo do neto de Herodes*, *Profecía do mar*, *Sen sombra e sen amor...* en fin, que non debiera publicar estas obriñas que nada achegan na súa produción ou máis ben todo o contrario. Os vellos mariñeiros son moi útiles porque quedan en terra amañando aparellos, ensinando cousas... mais non saen o mar. Non se lles pasa polas mentes, saben que ese ciclo pasou. Quizais ao veterano mariñeiro Bernardino lle sexa tempo de verquer toda esa bagaxe nos máis sen necesidade de saír a faenar.

GRAÑA, Bernardino, *Carmela e os ladróns*, Ed. Morgante, Cangas, 2010, PVP. 10 €

